

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 15 DE NOVEMBRO DO 2011.

Na casa do Concello de Barro, ás vinte horas do día quince de novembro de dous mil once, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. M^a Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. María Margarita Canay Pintos.

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Non asiste con excusa: D. Roberto Rivas Reboredo

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACION ACTA SESIÓN ANTERIOR.
- 2.- ORDENANZAS FISCAIS MUNICIPAIS.
- 3.- SUBROGACIÓN CONTRATO ALUGUER MUIÑOS BAROSA.
- 4.- ORZAMENTO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2012.
- 5.- MOCIÓNS PRESENTADAS.
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Fernandez Abrales, plantexa unha cuestión previa e recorda que conforme a lei aprobose no pleno de organización a celebración de plenos ordinarios cada dous meses, obriga que se incumple ó non convocar o pleno ordinario do mes de

setembro.

Sr. Alcalde, aclara que por iso se incluiu na orde do día deste pleno o punto de moción e de rogos e preguntas e sinala que non vai a convocar plenos sin haber asuntos para pagar asistencias que se poden aforrar.

Sr. Fernandez Abraldes, mostra a discrepancia coas razóns do Sr. Alcalde porque entende que en outros casos se convocan plenos extraordinarios sin necesidade cando os asuntos poderían ir ó pleno ordinario e acábase de convocar un pleno extraordinario con un único punto o que poderían haber ido os asuntos oxe tratados podendo aforrar o pleno de oxe.

Sr. Sanmartín Soto, que apoia a proposta do BNG sobre a obriga de celebración dos plenos ordinarios.

Dada conta da acta anterior de data 24.10.2011, non se formulan observacións á mesma aprobándose por unanimidade.

2.- ORDENANZAS FISCAIS MUNICIPIAIS.

Polo Sr. alcalde dase conta das ordenanzas seguintes e os expedientes tramitados:

- Modificación das tarifas da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

- Modificación das tarifas da ORDENANZA FISCAL IMPOSTO VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

- Creación da taxa e ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO FACULTATIVO QUE SE PRESTEN NAS OBRAS MUNICIPAIS

O Sr. Alcalde aclara que a necesidade de modificación de taxas e impostos e a creación da nova taxa que se somenten a aprobación do pleno da Corporación ven dada pola situación actual de descenso nos ingresos do concello e a baixada significativa da participación nos tributos do Estado nos derradeiros anos.

Polo que se refire a taxa do servizo de recollida do lixo non queda mais remedio que subir a taxa do lixo porque os concellos teñen que facer fronte os gastos que xenera este servizo.

As tarifas do I.V.T.M. que ven cobrando o concello son as mínimas que prevé a lei cando todos os concellos do entorno cobran mais e dentro dos coeficientes a aplicar que prevé a lei ata un máximo do 2 propónse a aplicación do 1,3.

Créase unha nova taxa polos servizos que se prestan nas obras municipais como e no caso do replanteo, dirección e inspección das obras así como a coordinación de seguridade e saúde pensada para os servizos que ten que prestar o concello nas obras adxudicadas, tendo en conta ademais que esta taxa non grava ós veciños e que o presuposto das obras inclúe a partida de gastos xerais.

Sr. Fernandez Abraldes, sinala que si ben a ordenanza polos servizos a prestar nas obras do concello ten unha razón de ser non acontece o mesmo coa subida da taxa pola recollida do lixo e o incremento do IVTM. No caso do lixo recorda que hai concellos que non cobran tanto pola recollida de lixo no rural tendo ademais en conta que a frecuencia da recollida non é mesma nos núcleos urbanos que nas parroquias.

Que non é lóxica unha subida desproporcionada de taxas cando o que debería facer e unha planificación da xestión económica axeitada a realidade sendo o alcalde o único o responsable da situación económica a que se chegou o concello.

Sr. Sanmartín Soto, defende a creación da ordenanza para cobrar no caso das obras do concello e anuncia a abstención do seu grupo a aprobación das outras ordenanzas.

2.1. ORDENANZA FISCAL IMPOSTO VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Dase conta do expediente tramitado para a modificación do imposto de Vehículos de Tracción Mecánica IVTM e o texto refundido da ordenanza reguladora.

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 08/11/2011

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP); 2 votos en contra; votan os Sres. Fernández Abrales e Dna. María Xesús Castro Calviño (BNG) e 2 abstencións; votan o Sr. Sanmartín Soto e Sra. Canay Pintos (PSOE).

Primeiro.- Aprobación da modificación do imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).

Segundo.- Segundo. Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO

1. De conformidade co establecido no art. 59 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo con dita Lei e as disposicións que a desenrolan.

2. O amparo do disposto no art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Barro procede a aprobar a presente Ordenanza Fiscal que ten por obxecto, regular aqueles aspectos que a Lei remite a súa determinación por parte da Corporación.

ARTIGO 2. FEITO INPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito impoñible deste imposto a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.- Considérase vehículo apto para a súa circulación o que estivese matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos.

Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrículas turísticas.

3.-Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desa natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 Kg.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria a nome de quen figure o vehículo no permiso de circulación.

2.- Excepcionalmente terá a condición de suxeito pasivo do imposto o que figure no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico como posuidor, como consecuencia de comunicación de transferencia do vehículo realizada polo transmitinte e aínda que non estivesen cumprimentados tódolos trámites a cargo do adquirente.

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Exencións. Estarán exentos do imposto:

1.1.- Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2.- Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3.- Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

1.4.- As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou doentes.

1.5.- Os vehículos para persoas con mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg, e que, pola súa construción non poida alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ó resto das súas características técnicas, equipárase ós ciclomotores de tres rodas.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como conductor/a habitual na póliza do seguro do vehículo.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste epígrafe, terán a consideración de persoas con minusvalía que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%.

1.6.- Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó transporte público urbano sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

1.7.- Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Bonificacións

Gozarán dunha bonificación do 100% da cota do imposto:

2.1.- Os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partires da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

2.2.- Os vehículos catalogados como "históricos" polo organismo competente.

ARTIGO 5. PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 da presente ordenanza aplicaranse de oficio a excepcións dos sinalados nos apartados 1.5, 1.7, 2.1 e 2.2 que terán carácter rogado. Nestes últimos supostos actuarase da seguinte forma:

a) Para os supostos 1.5, os suxeitos pasivos deberán solicitar a exención ou bonificación correspondente indicando as características do vehículo, matrícula, e causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións a que se refire o artigo 4 en cada caso.

En particular, para o outorgamento da exención prevista no párrafo 2º do epígrafe 1.5, do artigo 4, os interesados deberán aportar a seguinte documentación:

Para vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- Certificado do grao de minusvalía e o carácter temporal ou definitivo da mesma, emitido polos órganos competentes.
- Permiso de conducción (anverso e reverso).
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
- Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa minusválida como conductor do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- D.N.I. ou documento que acredite de forma fededigna a identidade do solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso da persoa discapacitada.
- Declaración xurada de que non é beneficiario de outra exención das mesmas carecterísticas por outro vehículo.

Para vehículos destinados a transporte de persoas con discapacidade:

- Certificado do grao de minusvalía e o carácter temporal ou definitivo da mesma, emitido polos órganos competentes, e se a persoa discapacitada ten dificultades de mobilidade que lle impidan a utilización de transporte colectivo.
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
- Póliza do seguro do vehículo a nome do minusválido, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- D.N.I. ou documento que acredite de forma fededigna a identidade do solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte da persoa discapacitada.
- Declaración xurada de que non é beneficiario de outra exención das mesmas carecterísticas por outro vehículo.

b) No suposto do apartado 1.7 os interesados poderán presenta-la cartilla de inspección agrícola no momento da súa alta na Xefatura Provincial de Tráfico, obviando así o pagamento do imposto e a solicitude expresa de exención, sen prexuízo das facultades revisoras da Administración Tributaria.

c) A concesión de beneficios fiscais no suposto 1.5 do art. 4, tramitarase a solicitude dos suxeitos pasivos e surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude.

d) A concesión de beneficios fiscais nos supostos 2.1 e 2.2 do art. 4, tramitarase a solicitude dos suxeitos pasivos e surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude, debendo xustificar estar o corrente do pago do IVTM mediante a aporta dos recibos dos derradeiros catro exercicios ou certificado equivalente.

ARTIGO 6. TARIFAS

1.- O Imposto esixirase de acordo co cadro de tarefas seguinte:

1. Turismos:

1.1.- De menos de 8 C.V.F.	16,40 euros.
1.2.- De 8 ata 11,99 C.V.F.	44,30 euros.
1.3.- De 12 ata 15,99 C.V.F.	93,52 euros.
1.4.- De 16 ata 19,99 C.V.F.	116,49 euros.
1.5.- De 20 C.V.F. en adiante.	145,60 euros.

2. Autobuses:

2.1.- De menos de 21 prazas.	108,29 euros.
2.2.- De 21 a 50 prazas.	154,23 euros.
2.3.- De máis de 50 prazas.	192,79 euros.

3. Camións:

3.1.- De menos de 1.000 kg. de carga útil.	54,96 euros.
3.2.- De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil.	108,29 euros.
3.3.- De máis de 2.999 ata 9.999 kg. de carga útil.	154,23 euros.
3.4.- De máis de 9.999 kg. de carga útil.	192,79 euros.

4. Tractores:

4.1.- De menos de 16 C.V.F.	22,97 euros.
4.2.- De 16 a 25 C.V.F.	36,10 euros.
4.3.- De máis de 25 C.V.F.	108,29 euros.

5. Remolques e semirremolques arrastradas por vehículos de tracción mecánica:

5.1.- De menos de 1.000 e máis de 750 Kg. de carga útil.	22,97 euros.
5.2.- De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil.	36,10 euros.
5.3.- De máis de 2.999 kg. de carga útil.	108,29 euros.

6. Outros vehículos.

6.1.- Ciclomotores.	5,74 euros.
6.2.- Motocicletas ata 125 cc.	5,74 euros.
6.3.- Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc.	9,84 euros.
6.4.- Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc.	19,70 euros.

- 6.5.- Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1000 cc. 39,38 euros.
6.6.- Motocicletas de máis de 1000 cc. 78,75 euros.

2.- Para aplicación da tarifa anterior teranse en conta as seguintes regras:

a) O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido na orde de 16 de xullo de 1984.

b) Entenderase por “furgoneta” o resultado de adaptar un vehículo turismo a transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración de tamaño ou disposición das portas ou outras alteracións que non modifiquen esencialmente o modelo de que se deriva.

c) As furgonetas, vehículos mixtos, todo terreo, derivados de turismo, mixtos adaptables, mixtos todo terreo, furgoneta mixta, furgón mixto adaptable e similares destinados a transporte mixto de persoas e cousas, tributarán como turismo con arranxo a súa potencia fiscal agás nos seguintes casos:

c.1. Se o vehículo está habilitado para transporte de máis de 9 persoas tributará como autobús.

c.2. Se o vehículo está habilitado para unha carga útil superior a 525 kg tributará como camión.

d) Os motocarros terán a consideración, a efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán por cilindrada, sempre que a súa tara non exceda de 400 kg, noutro caso tributarán como camión.

e) Os vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

f) As máquinas autopropulsadas que poidan circular pola vía pública sen seren transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes a tractores, quedando comprendidos entre estes os tractocamións e os tractores de obras e servizos.

3.- A potencia fiscal do vehículo determinarase de acordo co disposto no artigo 260 do Código de Circulación, onde se establece que, en calquera caso, a potencia fiscal do motor a consignar pola Delegación da Consellería de Industria no certificado de características técnicas do vehículo será a que resulte de aplica-la fórmula correspondente segundo o tipo de motor expresada con dous decimais aproximados por defecto.

4.- Nos casos en que consten na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para MTMA (peso técnico máximo autorizado) e MMA (peso máximo autorizado) respectivamente, aplicarase a efectos da tarifa o valor que corresponda a MMA indicador do maior peso en carga con que se permite a circulación, conforme ó indicado no código da circulación.

5.- No caso de remolques e semirremolques que pola súa capacidade non veñan obrigados a ser matriculados, consideraranse como aptos para a circulación dende o momento en que se expediu a certificación correspondente polo organismo competente ou, no seu caso, cando realmente estean en circulación.

6.- As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes ós tractores.

ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.- O período impositivo coincide co ano natural agás no caso de primeira adquisición do vehículo en que comezara ó primeiro día do trimestre natural en que se produce dita adquisición.

2.- O imposto devengarase o primeiro de xaneiro de cada ano agás que se trate de primeira adquisición en que se devenga o día de alta na Xefatura Provincial de Tráfico.

3.- A cota do imposto é irreducible agás no caso de primeira adquisición, baixa definitiva ou baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo en que se prorateará por trimestres naturais.

4.- As alteracións no imposto consecuencia de transferencia ou cambio de domicilio surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se produza a alteración no rexistro de Dirección Xeral de Tráfico.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

1. O instrumento acreditativo do pago deste imposto será a carta de pago debidamente dilixenciada de haberse producido o ingreso da cota na Tesourería Municipal ou en algunha entidade colaboradora para a xestión de tributos.

2. Para solicitar na Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, o interesado deberá acreditar previamente o pago do imposto mediante a presentación do instrumento acreditativo mencionado no número anterior.

3. Poderase establecer a obrigação do suxeito pasivo de autoliquidar a súa débeda tributaria, utilizando os impresos que, con este fin, dispoña a Administración Municipal.

4. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o pago das cotas anuais realizarase dentro do prazo establecido polo organismo encargado da recadación en cada exercicio económico.

5. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflexadas na Matrícula anual do Imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, agás que se modifícase o consignado nos mesmos.

ARTIGO 9. DEVOLUCIÓN

A devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa do vehículo deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto na presente ordenanza serán de aplicación as disposicións establecidas na normativa tributaria aplicable.

A presente Ordenanza entrara en vigor ó día seguinte da su publicación no Boletín Oficial da Provincia, comenzara a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012 e permanecerá en vigor ata a sua modificación ou derogación expresa."-----

Terceiro: Someter o acordo ao trámite de información pública, mediante anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, Boletín Oficial da Provincia por prazo de 30 días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non formularse alegacións o acordo entenderase definitivamente aprobado.

2.2. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.-

Dase conta do expediente tramitado para a creación da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e o texto refundido da ordenanza reguladora.

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 08/11/2011

Sometido a asunto a votación, ACORDASE por 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP); 2 votos en contra; votan os Sres. Fernández Abrales e Dna. María Xesús Castro Calviño (BNG) e 2 abstencións; votan o Sr. Sanmartín Soto e Sra. Canay Pintos (PSOE).

Primeiro.- Aprobación da modificación da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Segundo. Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello de Barro establece a Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, a que se refire o artigo 20.4.s) do citado Real Decreto Legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos.

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

2.- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5.- BENEFICIOS FISCAIS

Aplicaranse só os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos.

ARTIGO 7.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota da taxa regulada será a que figura no anexo desta Ordenanza.

2.- As vivendas onde ademais se realice unha actividade económica, tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

3.- As vivendas unifamiliares onde se realice unha actividade económica tributarán cada un polo seu uso sempre que o local dispoña de acceso directo dende a rúa independente da vivenda. Ao cesar a actividade, causará baixa no padrón fiscal, tributando só a vivenda.

ARTIGO 8.- DEVENGO

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

Devengarase a taxa e nacerá a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade, dado que estamos nun suposto de devengo instantáneo.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada semestre natural, excepto no momento da alta no padrón, en cuxo caso, devengarase a partires dese momento.

ARTIGO 9.- PERÍODO IMPOSITIVO

Cando se trate de servizos periódicos, o período impositivo será de semestres naturais, salvo no caso de alta no servizo que abranguerá desde o día da alta ata a finalización do período impositivo, e no caso de baixa, desde o primeiro día do período impositivo ata o día da baixa.

ARTIGO 10.- DECLARACIÓNS

1.- Presentarase ante o Concello as declaracións de alta, baixa ou modificacións no servizo. As declaracións producirán efectos dende a súa presentación no suposto de baixa, e dende a efectividade da alta ou modificación nos demais supostos.

2.- Toda declaración de alta deberá achegar:

a) Identificación do contribuínte (achegando copia do NIF) ou no seu caso, substituto do contribuínte (achegando copias do NIF do mesmo e do contribuínte).

b) Copia do título de propiedade do ben obxecto do servizo.

3.- Nas declaracións de modificación (de calquera tipo), deberanse achegar os documentos que a xustifican.

4.- O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmobles ou actividades gravadas pola taxa, que teñan repercusións aos efectos da exacción da taxa. Ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello, dentro dos 15 días naturais seguintes á efectividade da modificación da situación inicial.

ARTIGO 11.- PADRÓN DA TAXA

1.- A exacción desta taxa efectuarase mediante recibo ao contribuínte, ou no seu caso, ao substituto do contribuínte.

2.- O cobro dos recibos poderase facer:

a) En metálico, nas entidades que se sinalen nos recibos emitidos.

b) Ou mediante domiciliación bancaria.

3.- O cobro das cotas realizarase semestralmente.

4.- Os padróns emitidos, unha vez aprobados polo órgano competente expóñense ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello.

En todo caso expóñense os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 12.- LIQUIDACIÓN E INGRESO DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DEVENGO INSTANTÁNEO

Cando se trate de servizos ou actividades cuxa cuantificación sexa posible no momento da presentación da solicitude de prestación, será liquidada nese mesmo momento ou en momento posterior, pero sempre con carácter previo á prestación do servizo ou realización da actividade.

Si se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude, procederase a liquidar e notificar a taxa tan pronto se detecte esta situación. Nestes supostos o ingreso efectuarase nos prazos e lugares que se indiquen na notificación da liquidación e nos prazos previstos na normativa tributaria, para liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria no último dos supostos referidos.

Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

ARTIGO 13.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A partir da data de entrada en vigor desta Ordenanza Fiscal, queda derogada a anterior Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrara en vigor ó dia seguinte da su publicación no Boletín Oficial da Provincia, comenzara a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012 e permanecerá en vigor ata a sua modificación ou derogación expresa.”.-----

ANEXO

<i>Grupos</i>	<i>Euros</i>
1. Vivendas (unidade).	60,00/ano
2. Locais comerciais, de servizos, supermercados ata 120 m2, hospederías, casas de turismo rural, industrias artesanais ata tres empregados e similares.	150,00/ano
3. Bares, pubs, cafeterías	240,00/ano
4. Restaurantes, supermercados, cafeterías de categoría especial, salas de festas, hoteis, moteis e apartahoteis.	500,00/ano
5. Entidades bancarias .	400,00/ano
6. Industrias cárnicas ou de elaboración de peixes, obradoiros, naves industriais con actividade, adegas e invernadoiros con fins comerciais (exceptúanse os invernadoiros tradicionais para autoconsumo)	600,00/ano”

Terceiro: Someter o acordo ao trámite de información pública, mediante anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, Boletín Oficial da Provincia por prazo de 30 días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamaciones que estimen oportunas, de non formularse alegacións o acordo entenderase definitivamente aprobado.

2.3. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO FACULTATIVO QUE SE PRESTEN NAS OBRAS MUNICIPAIS.

Dase conta do expediente tramitado para a creación da taxa pola prestación do servico facultativo que se presten nas obras municipais e a ordenanza reguladora

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 08/11/2011

Sometido a asunto a votación, ACORDASE por UNANNIMIDADE

Primeiro.- Acordar a imposición da taxa pola prestación dos servico facultativos que se presten nas obras municipais

Segundo. Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servico facultativo que se presten nas obras municipais, que se

transcribe:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS FACULTATIVOS QUE SE PRESTEN NAS OBRAS MUNICIPAIS.

XUSTIFICACIÓN DA TAXA

O artigo 1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público establece que esta lei ten por obxecto regular a contratación do sector público, engadindo no artigo 2.1a) que aos efectos desta Lei, considéranse que forman parte do sector público, entre outras, as Entidades que integran a Administración Local. Pola súa parte, e ata tanto se desenvolva esta lei, o artigo 131 do R.D.1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece que ao presuposta base de licitación obterase incrementando a execución material nos seguintes conceptos:

1. Gastos xerais de estrutura que inciden sobre o contrato, cifrados nas seguintes porcentaxes: do 13 ao 17 %, en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais, IVE excluído, taxas da Administración legalmente establecidas, que inciden sobre das obras e demais derivados das obrigas do contrato e 6% en concepto de beneficio industrial.

2. Imposto sobre o valor engadido.

Co R.D.Lei.5/96, de 7 de xuño, liberalízanse os honorarios técnicos establecidos e, por outro lado, no ámbito da Administración do Estado (Decreto 137/60, do 4 de febreiro) e da propia Comunidade Autónoma de Galicia (D.Lvo. 1/92, do 11 de abril) teñen establecidas o 4% pola prestación de servizos facultativos nas súas obras. Daquela, para cubrir o posible baleiro legal existente e que o custo destas servizos queden definidos e deste xeito de xeral coñecemento polos participantes nas licitacións de obras adxudicadas polo Concello; e polo que se acorda a imposición e ordenación desta taxa, que está comprendida nos gastos xerais da empresa.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En virtude do disposto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 20.1.b e s.s. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), establece a Taxa polos servizos facultativos que se presten nas obras municipais, que se rexerá pola presente ordenanza reguladora.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación, con medios propios coma alleos, dos servizos consistentes nos traballos facultativos de:

- a) Comprobación de replanteo, dirección, inspección e liquidación das obras contratadas ou adxudicadas polo concello
- b) Coordinación de seguridade e saúde durante a execución da obra, segundo a legislación vixente en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa os contratistas, persoas naturais ou xurídicas, adxudicatarios de obras contratadas polo Concello (adxudicatario ou concesionario).

ARTIGO 4. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. DEVENGO DA TAXA

A Taxa devengarase no intre de prestar os servizos polos que se esixe esta taxa.

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a base imponible desta taxa, o importe do orzamento de execución material das obras, aplicando, no seu caso, o coeficiente de baixa, que se determina parcialmente en función do presuposto de execución material adxudicado de cada certificación de obra expedida.

ARTIGO 7. TIPO DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria desta taxa será o resultado de aplicar sobre a base imponible, anteriormente definida, os seguintes tipos de gravame:

- 1.—Cando o feito imponible consista na comprobación de replanteo, dirección, inspección e liquidación das obras, o tipo de gravame a aplicar será: 4%.
- 2.—Cando o feito imponible consista na coordinación de seguridade e saúde durante a execución da obra, o tipo de gravame a aplicar será: 1%.

ARTIGO 8. XESTIÓN E COBRO

De cada certificación de obra expedida polo Técnico Director da Obra procederase a efectuar as liquidacións correspondentes, que serán aprobadas conxuntamente coa certificación de obra polo órgano competente.

Ao pagar a certificación de obra reterase a parte que lle corresponda á taxa, ingresádoas:

- 1.—Se os servizos se prestaron con medios propios do Concello, ingresarase no concepto presupostario de ingresos que corresponda.
- 2.—Se os servizos se prestaron con medios alleos, ingresarase no concepto non orzamentario correspondente e pagaráselle á persoa física que preste os servizos obxecto desta taxa.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor o día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Non obstante o anterior, a presente Ordenanza non será de aplicación aos expedientes de contratación de obras iniciados con anterioridade a súa entrada en vigor."-----

Terceiro: Someter o acordo ao trámite de información pública, mediante anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, Boletín Oficial da Provincia por prazo de 30 días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non formularse alegacións o acordo entenderase definitivamente aprobado.

3.- SUBROGACIÓN CONTRATO ALUGUER MUIÑOS BAROSA.

Dase conta dos antecedentes que consta no expediente:

- O Pleno deste Concello en sesión que tivo lugar o día 24-02-2011, aprobou o prego e o expediente para o arrendamento de muiño vivenda denominado muiño de Oubiña ou de Abaixo e muiño de Cancela de Maquía para destinalos a actividade de bar en Barosa con un tipo de licitación: 6.800,00 euros/ano máis I.V.E.

- No Boletín Oficial da Provincia núm. 53, do 17 de marzo de 2011, saíu publicado o anuncio de licitación.

- O Pleno do Concello de Barro en sesión de 30 de maio de 2011 acorda a adxudicación provisional do contrato.

- En sesión plenaria de data 12/07/2011 aprobouse a adxudicación definitiva a UNION TEMPORAL DE EMPRESAS: THE CHOCOLATE FACTORY CREATIVE INDUSTRIES S.L. e LÓPEZ Y OUBIÑA S.C.(DON JORGE LOPEZ MAQUIEIRA Y DON GONZALO OUBIÑA GRAÑA) abreviadamente "UTE BAROSA" con NIF: U27758945 o contrato do arrendamento de muiño vivenda denominado muiño de Oubiña ou de Abaixo e muiño de Cancela de Maquía para destinalos a actividade de bar en Barosa polo prezo de 800,00 euros (OITOCENTOS EUROS) mensuais sen IVE cunha duración de 10 anos contados a partires do día seguinte ó da sinatura do contrato. O prezo do contrato sufrirá un incremento anual correspondente ó I.P.C. calculado a decembro en relación coa anualidade anterior segundo datos facilitados polo IGE para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Con data 28-07-2011 asinouse o contrato de arrendamento coa Unión Temporal de Empresas.

- Con data 15-09-2011 os adxudicatarios do contrato de aluguer presentan escrito aportando xustificación de constitución de MUIÑADA DE BAROSA S.L. formada polos socios: THE CHOCOLATE FACTORY CREATIVE INDUSTRIES S.L. con NIF B27740661, D. JORGE LÓPEZ MAQUIEIRA con NIF: 35324489P e D. GONZALO OUBIÑA GRAÑA con NIF:76865851N e solicitando a subrogación de dita sociedade no contrato adxudicado.

- O art. 73.bis da Lei 30/2007, de 30 de outubro LCSP na redaccion dada pola Lei 2/2011 de 4 de marzo, preve nos supostos de fusión de empresas, escisión, aportación e transmisión a posibilidade de sucesión de empresas a continuidade do contrato coa entidade que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do contrato sempre que reúna as condicións de solvencia esixidas ao acordarse a adxudicación.

Fundamentos xurídicos:

Son de aplicación os artigos 20, 21, 73 bis, 176, da Lei 30/2007, de 30 de outubro, pola que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público.

Sometido a asunto a votación acordase por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a subrogación da Sociedade Limitada MUIÑADA DE BAROSA S.L. con CIF B94048071 no contrato de aluguer de muiño vivenda denominado Muiño de Oubiña ou de Abaixo e Muiño de Cancela de Maquía para destinalos a actividade de bar en Barosa polo prezo de 800,00 euros (OITOCENTOS EUROS) mensuais sen IVE, que foi adxudicado á UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS: THE CHOCOLATE FACTORY CREATIVE INDUSTRIES S.L. e LÓPEZ Y OUBIÑA S.C.(D. JORGE LÓPEZ MAQUIEIRA Y D. GONZALO OUBIÑA GRAÑA) abreviadamente "UTE BAROSA" con NIF U27758945, con unha duración de 10 anos contados dende a data do 28 de xullo de 2011. O prezo do contrato sufrirá un incremento anual correspondente ó I.P.C. calculado a decembro en relación coa anualidade anterior segundo datos facilitados polo IGE para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Requerir os interesados para que procedan a xustificación das

condicións de solvencia; non estar incurso en supostos de incompatibilidade; estar o corrente das obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma, Hacienda do Estado, Seguridade Social; a constitución da fianza definitiva a nome da Sociedade e a xustificación de inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil.

4.- ORZAMENTO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2012.

Polo Sr. Alcalde dase conta do documento do orzamento para o exercicio de 2012 incluíndo a documentación prevista na lei e sinalando que o orzamento está axustado a realidade das previsións de ingresos tendo en conta a baixada do importe das transferencias correntes de outras administracións.

Consta no expediente do orzamento informe de Secretario Interventor no que se fan unha serie de observacións sobre a situación económica do concello a necesidade de tomar medidas para acadar os recursos ordinarios suficientes e facer fronte as obrigas pendentes de pago do concello.

Sr. Fernandez Abrales, que a pesares da aprobación do chamado plan de saneamento no ano 2010 a derradeira liquidación sigue dando un resultado con deficit as partidas de ingresos do orzamento para o exercicio de 2012 siguen sendo ficticias en gran medida, tendo en conta o resultado da liquidación do exercicio de 2010 preso agravamento da situación tendo en conta que non se consigna neste orzamento os importes par as facturas pendentes de pago polo que unha vez entre en vigor o orzamento estará xa en grande medida comprometido para pagar facturas pendentes de anos anteriores. E remata sua intervención anunciando o voto en contra do seu grupo tendo en conta que o Alcalde non contou coa opinión do seu grupo tomando medidas para levar a cabo o saneamento da economía do concello que permita facer fronte as obrigas adquiridas e a prestación xeitada dos servizos municipais.

Sr. Sanmartín Soto, mostra o sua felicitación por presentación do orzamento en tempo e forma e anuncia o seu voto negativo porque contén unha redución de gastos que se fai patente no caso do capítulo de inversións o que hai que engadir o retraso nos pago, si ben ve positiva a negociación con Fenosa e Sogama para a realización dos pagos pendentes.

Sr. Alcalde, que o orzamento que presenta para aprobación é o orzamento posible tendo en conta a situación económica polo que so cabe por parte dos grupos da oposición votar a favor ou en contra.

O asunto foi dictaminado en Comisión Especial de Contas de data 08/11/2011.

Sometido a asunto a votación, ACORDASE por 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP); 4 votos en contra; votan os Sres. Fernández Abrales e Dña. María Xesús Castro Calviño (BNG) e o Sr. Sanmartín Soto e Sra. Canay Pintos (PSOE).

Primeiro.- Aprobación do orzamento xeral para o 2012, co seguinte resumo por capítulos de gastos e ingresos:

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	482.560,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	994.200,00
3	Gastos financeiros	35.000,00
4	Transferencias correntes	62.500,00
6	Investimentos reais	76.700,00
7	Transferencias de capital	200,00
8	Activos financeiros	3.000,00
9	Pasivos financeiros	117.200,00
	TOTAL	1.771.360,00

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	IMPORTE
1	Impostos directos	534.000,00
2	Impostos indirectos	142.560,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	208.500,00
4	Transferencias correntes	824.600,00
5	Ingresos patrimoniais	20.000,00
6	Alleamento de investimentos reais	300,00
7	Transferencias de capital	37.600,00
8	Activos financeiros	3.400,00
9	Pasivos financeiros	400,00
	TOTAL	1.771.360,00

Segundo.- Aprobación das retribucións do persoal con aplicación dos incrementos que resulten da aprobación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado

PLANTILLA DE POSTOS DE TRABAJO

A) POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	nº	vacantes	Grupo	Nivel C.D.	C.Espec.
A)HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL					
Secretario-Interventor	1	---	A1	26	19.211,78
B)ESCALA DE ADMON. XERAL.					
<u>Subescala Técnica</u>					
Técnico Medio Xestión	1	---	A2	24	11.821,60
<u>Subescala Administrativa</u>					
Administrativo	1	---	C1	22	5.387,76

B) POSTOS DE TRABALLO SUXEITOS Á LEXISLACIÓN LABORAL

B.1.- PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación	vacant.	nº postos	Situación	Retribucións
Asistente Social	---	1	laboral fixo	27.937,38
Conserxe Grupo Escolar	---	1	laboral fixo	18.133,41
Operario 1	--	1	laboral fixo	16.586,96

B.2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	nº prazas	vacantes	situación
Informador Xuvenil	1	0	temporal
Arquitecto-Técnico	1	0	temporal
Auxiliar	1	0	temporal
Auxiliar Secretario xulgado.	1	0	temporal
Oficiais 1ª	2	0	temporal
Monitor deportivo	1	0	temporal

Terceiro.- Aproba-las bases de execución do orzamento expresado.

Cuarto.- Aprobación dos importes que se detallan por asistencias dos membros

da corporación:

Concelleiros:

- Asistencias a sesións das Comisións Informativas: 50,00 €
- Asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local: 70,00 €
- Asistencias a sesións do Pleno: 100,00 €

Alcalde:

- Asistencias a sesións das Comisións Informativas, Xunta de Goberno Local e Pleno: 300 € sin límite de contía anual.

Quinto.- Expoñer ó público o orzamento aprobado polo prazo de 15 días no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello para os efectos de reclamacións, que se considerara definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións, sin necesidade de adopción de novo acordo.

5.- MOCIÓNS PRESENTADAS.

Sr. Fernandez Abraldes da conta de moción sobre a estrada de Agudelo presentada no concello o 14/10/2011 e sinala que se podía haber tratado no seu momento si o Alcalde houbera convocado o preceptivo pleno ordinario do mes de outubro.

Transcribese a continuación o seu contido:

“Exposición de motivos:

Nas obras de ampliación da estrada provincial en Agudelo, no lugar da Madalena, procedeuse a anchar o vial cun terraplen sen muro de contención, no lado dereito, sentido Valiñas.

Isto impide aproveitar todo o terreo expropiado para ampliar a calzada e mellorar a visibilidade da curva nesa dirección.

Nese mesmo punto, ao levantarse o nivel da estrada provincial no cruce coa pista municipal, queda unha saída moi perigosa.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Barro acorda aprobar a seguinte

MOCIÓN:

Dirixirse á Deputación Provincial para solicitar as seguintes melloras:

1) A construción dun muro de contención nese punto, que permita o desprazamento á dereita do carril de circulación, para abrir todo o posíbel a curva. Ese muro serviría tamén para que a estrada non se desfaga coas chuvias.

2) Que se deixe seguro o cruce da Madalena, mesmo coa posibilidade de desprazalo uns metros para evitar parte do desnivel existente entre a estrada provincial e a local.

Barro a 13 de novembro de 2011.”-----

Sinala que do que se trata e de propoñer na estrada provincial en Magdalena Agudelo a construción dun muro de contención e mellorar a seguridade evitando o desnivel existente entre a estrada provincial e a pista municipal.

Sr. Alcalde, que o que aí que ter na vida é dignidade e vergonza allea para andar coa cabeza levantada.

Sr. Fernandez Abraldes, que en todo caso calquera pode ter máis dignidade que o Alcalde, e que o problema que plantexa o BNG na moción esta plantexado polos

veciños.

Sr. Alcalde, que estamos nun caso de atranco as obras dunha estrada por algún veciño que non dudou en acudir a diferentes instancias para defender o interes particular.

Sr. Sanmartin Soto, anuncia o apoio a mocion do BNG porque se trata dunha demanda dos veciños da parroquia de Agudelo.

Sometese a moción a votación co seguinte resultado: 4 a favor; votan os Sres. Fernández Abraldes e Castro Calviño (BNG) e Sra. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE) e 6 votos en contra; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP).

Quedando rexeitada a moción.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

P.1. Sr. Fernandez Abraldes, pregunta pola paralización da **obras na pista municipal que vai dende o campo da Cruz** no lugar de Magdalena ata o lugar do Concello na parroquia de Agudelo.

Sr. Alcalde, que se estaban facendo as obras da pista coa maquinaria da Deputación Provincial e como consecuencia da orde de paralización por Patrimonio dos traballos que se facían no campo de futbol no monte da Chan tamén se pararon as obras da pista que estaban relacionadas coa obra anterior.

P.2. Sr. Fernandez Abraldes, pregunta pola **obras de aterramento no castro do monte da Chan** na parroquia de Agudelo.

Sr. Alcalde, aclara que o remate o informe técnico que consta no expediente aclara a viabilidade e a competencia do concello para levalo a cabo do aterramento que se facía no monte da Chan, pero como de costume neste concello cos atrancos postos por aguns hai que facer varios intentos para levar a cabo unha obra tal como sucedeu en Barosa. Donde se está facendo o aterramento trátase dun terreo no que xa existiu un campo de futbol que fora inaugurado no seu día por un cura, e que un equipo de futbol de veteranos está interesado en dispoñer deste campo de futbol arranxado porque están pagando por ir a xogar a outros campos de futbol. Que a realización dos traballos foi acordada entre o concello e a Xunta de Montes de Agudelo. Nesa ubicación o concello agora non ten que pedir permiso a ninguén pero que ante a suspensión cautelar ordenada por Patrimonio a que se deu cumprimento tamén houbo que parar as obras da pista da que se falou anteriormente porque a terra que se sacaba da pista utilizábase para o aterramento que foi paralizado no monte da chan. Que se presentou ante Patrimonio unha reclamación baseada nun informe técnico e na lei do solo, sinalando que o informe e o expediente está a disposición dos concelleiros. E remata a súa intervención sinalando que os feitos veñen a demostrar unha vez mais que se está buscando lio en todas as inciativas do concello.

Sr. Fernandez Abraldes, que estamos nun estado de dereito para facer as cousas e dacordo coa lei debendo dar exemplo as administracións.

R.1. Sra Castro Calviño, **roga se arranxe a pista que leva dende a vía do tren**

ata o lugar de Parada na parroquia da Portela porque está en malas condicións debido o tráfico dos camiões das obras do tren.

Sr. Alcalde, que a realización de obras ten os seus inconvintes, como sucedeu en Valiñas e o remate das obras quedou a pista arranxada.

Sra. Castro Calviño, que a realización de obras non impide que se tomen as medidas necesarias para manter as pistas nas debidas condicións para os veciños que teñen que circular por elas.

Sra. Canay Pintos, comeza aludindo a un problema en relación coas obras de ensanche na rotonda da que sae a pista que leva a parroquia de Agudelo... ante as alusións do Sr. Alcalde sobre a súa intervención interrompe a mesma e pide conste en acta: *“que comeza a facer un rogo e o Sr. Alcalde interrompe a su intervención con un bacile”* e renuncia a seguir falando do tema.

P.3. Sr. Sanmartín Soto, pregunta **polos cobros os postos do mercadillo e os pagos que ten pendentes** o adxudicatario da concesión co concello.

Sr. Alcalde, que se está tramitando a recuadación dos pagos pendentes en via executiva polo ORAL organismo da Deputación Provincial no que ten o concello delegada a recaudación.

P.4. Sr. Sanmartín Soto, pregunta polo acordo adoptado na reunión celebrada o 11/07/2011 **sobre o polígono de Outeda** na busca dunha solución xurídica logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza na que se habia falado da elaboración dun regulamento.

Sr. Alcalde, que está tratando de que haxa un polígono industrial tan necesario para o concello con seguridade xurídica e procurando ademais que non se moleste a ninguén.

A sesión rematou ó fio das vinteunha horas Dou fe.